



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA ESTABLECER AS BASES DO DEPÓSITO TEMPORAL, CUSTODIA E RÉXIME DE USO DE BENS MOBLES DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA NO CONCELLO DA VEIGA (OURENSE).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,
DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou co Concello da Veiga o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o 17.03.2018 e terá unha duración de catro anos, prorrogables por períodos anuais co límite máximo doutros catro anos máis.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases que regularán o depósito temporal, a custodia e o réxime de uso dos bens de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria incluídos nos fondos do Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

A colaboración co Concello da Veiga redunda en beneficio das competencias que en materia de promoción da cultura teñen asumidas como propias ambos os dous entes territoriais. Os bens obxecto da colaboración representan a testemuña da tradición educativa galega e unha riqueza cultural. A explotación dos bens que propón a corporación local, a través do Museo do Liño, supón unha nova fórmula de transmisión de cultura educativa dirixida tanto ao alumnado galego como a visitantes coa que se acadará un maior grao de difusión dos ditos valores culturais e educativos.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

(asinado dixitalmente)

